REVISTA QUINCENAL DE CRENTES GALEGOS


IRMIA

O maior de vós sexa o máis pequeno

ANO XXXI • Nº 843 - Do 28 de novembro ao 11 de decembro de 2011



A foto que fala



20-N. Cuestión de tamaño.

O trasno Prescolar na casa e nos nosos corazóns

Daniel López

Non faría falta que Prescolar na Casa levase premios, mencións e recoñecementos internacionais para que debese ser considerada unha das mellores iniciativas que deu a luz esta Terra Nosa,... pero, aínda por riba, seino ben, alí onde Prescolar na Casa é presentado, trunfa, por que leva dentro unha intuición xenial.

A intuición xenuína do programa é a de compensar unha desigualdade de oportunidades inicial, moi, moi inicial, porque o berce duns e doutros non está arrodeado dos mesmos medios, estímulos, densidades educativas. E, ademais, é construír, coa naturalidade do cotián, unha escola de nais e pais, sobre todo en zonas illadas, desvertebradas, do noso territorio.



Para valorar esa intuición na súa xusta medida hai que coñecer e querer as aldeas e barrios de Galicia, o seu mundo marabilloso pero distante e sempre precario en medios e instalacións. Si, a Galicia que exerce de galega sen sabelo, con absoluta naturalidade, cun enorme potencial de humanidade, pero apoucada na súa autoestima por tanta superioridade barata, do centro, do poderío pretensioso, da urbe, dese pijerío con tanto poder autonómico -e estatal- como manifesta insensibilidade.

Prescolar na Casa está ao borde da desaparición. Ninguén discute que en tempos de axuste todo o mundo teña que esmoucar a ramallada e volver ao esencial. Ninguén pon en cuestión que onde necesitabas medio millón debas axustarte á metade. Non é iso. O que lle están ofrecendo a Prescolar na casa pos poderes públicos é o finiquito.

O triste desta e outras historias é que os recortes fanse sen visión estratéxica. Cunha miopía absoluta. A golpe de gabinete, de titular encubridor e prensa domesticada. Sen explicar. Á repañota. Con prexuízos viscerais contra os programas en galego. A base de caprichos e arroutadas.

Nas zonas centroeuropeas que, como a Galicia interior, están sacudidas por un desastre de despoboamento, de baixa fecundidade, están innovando, por exemplo, a base de facer escolas unitarias rurais, xusto as que os nosos gobernantes liquidaron por anticuadas. Cando lles falas de prescolar na casa namóranse da idea, porque, ben xestionada, ten todo o que se lle pide aos servizos nestas zonas dispersas: mobilidade, proximidade, organización, intelixencia, menos ladrillo e máis recurso humano.

Pero pasará como sempre. Cando nós liquidemos o noso invento, virán eles, os de fóra, e o patentarán. E os descendentes idiotizados dos liquidadores, dirán: Oh, sea, jo, que genial, no?, estos europeos son superinnovadores!!!!

Continúa na páxina 7

Editorial Hai algunha lección que aprender do 20N?

Con só 500.000 votos máis que hai catro anos, o PP aumentou 32 escanos no Congreso e poderá gobernar con maioría absoluta. É curioso que o último goberno de Zapatero contara mesmo con 400.000 votos máis có PP no 20-N, pero só con 169 escanos, polo que tivo que gobernar sen maioría absoluta esta última lexislatura.

As cifras dos resultados ao Congreso son equívocas. Pero a lei é así. Mentres que Esquerda Unida ten 1.680.000 votos, conta con tan só 11 escanos. CIU, con pouco máis de un millón, ten 16 escanos e Amaiur, con 333.000 votos, ten 7 escanos. E a UPD, que con máis de un millón de votos só ten 5 escanos e debería quedar sen grupo propio por non chegar ao 5% dos votos nas circunscricións nas que se presenta. Por máis que se empeñen as forzas estatais iso debe ser así, porque eses votos, menores en cantidade, concéntranse nos territorios nos que as opcións periféricas se presentan. E o voto é por circunscricións. Como custa asumir a diversidade territorial!

O PSOE perdeu máis de catro millóns de votos. A maioría dos seus votantes non cambiaron de partido, simplemente non foron votar. A esquerda castiga coa abstención aos seus partidos. O BNG sábeo perfectamente; segue en caída libre e perde agora case 30.000 votos. Converxencia XXI apúntase ao carro dos partidos galeguistas que nacen con entusiasmo pero sen votos (1.436). Os números, en democracia, importan. Representan persoas que depositan as súas esperanzas nun partido político. Perder a confianza do teu electorado é o gran drama.

Os votantes do PSOE non cambiaron de partido, simplemente non votaron


Son moitas as imaxes que se amorean despois destas eleccións. 333.000 vascos e navarros que non votaran nas pasadas eleccións apoian á esquerda abertzale, e ningún a costa do PNV que, malia ter máis votos, perde un escano. As vindeiras eleccións vascas serán estresantes para os partidos estatais.

O laboratorio de recortes de Cataluña patrocinado por CIU recibe os parabéns do seu electorado (e algo máis), cando se presumía un duro castigo polos axustes no seu sistema sanitario. Todo o contrario. O PP tomará boa nota. Perigo!

O gasto público é un anatema. Cada vez son máis os cidadáns que se indignan con el. Bendicen aos que escamotean os servizos públicos. A austeridade é a nova ideoloxía de consenso. Certamente que a esquerda coqueteou demasiadas veces co mesmo populismo que creara a dereita, pero o castigo é feroz. Diríase que a xente non quere políticos que gasten neles. A mensaxe liberal foi calando: o aforro é bo; o gasto malo. E non se diferencia entre o gasto innecesario e aquel que, en época de crise, debe estimular a economía e asegurar a igualdade. Así, a espiral da depresión vainos consumindo, todo sexa polas disciplina que impón o centro de Europa aos países periféricos. A socialdemocracia perdeu a batalla... de momento.

Continúa na páxina 6

Rumores de esperanza



Outra Igrexa é posible. E diso son consciente grazas á lectura do manifesto da III Asemblea de Redes Cristiás. Resulta unha bonita evocación afondar na frase "somos moitos máis do que cremos" que parece que foi un eco da asemblea.

Outra Igrexa é posible. E disto son consciente grazas a que no último número de Irimia hai un caderniño das Mulleres Cristiás Galegas Exeria sobre a violencia de xénero cunha chamada da atención sobre a violencia que supón a exclusión das mulleres nos órganos de decisión da Igrexa ou a escasa voz coa que denuncia os casos de violencia doméstica.

Outra Igrexa é posible. E disto son consciente grazas ás noticias que me van chegando do Foro de Encrucillada.Por desgraza non puiden ir. Turrou máis de min a "obriga" laboral de ir á fantástica asemblea da CGENDL que as gañas que tiña de escoitar á boa xente coma Pagola, Forcades, Queiruga… Todo o mundo que foi fala de éxito. Que o Auditorio de Galicia encheuse e que a experiencia foi magnífica.

Outra Igrexa é posible. E disto son consciente porque cada quince días recibo unha revista Irimia, porque boto un ollo á páxina de Redes Cristiás, e á da revista 21RS, a páxina web de Cortés e centos e centos de cousas que me fan conscientes do que dixen. Por que non poño todas? Por que os de Irimia só me permiten 1200 carácteres e xa me pasei.









A peneira

1

A Plataforma Antitransxénica denunciou a parcela en Mesía, na que manipulan o millo, con ADN doutros seres.Outro tanto ocorre coa soia e as patacas. As multinacionais arrasan variedades tradicionais e funden o sector cos pensos transxénicos. Ata o 13, pode verse no Castelo de Santa Cruz de Oleiros a exposición TRANSmutacións.

2

Marrocos expulsa os que denuncian o xenocidio do SÁHARA. Madrid é cómplice vergonzoso, coma no 75, cando entregou o país ao alauí que lle esquilma a pesca e o 75% do fosfato do mundo (1300 millóns € no 2009). Daquela eran 1600 mineiros saharauís, agora son 200. Na foto, Fatma Muhammad, delegada do Polisario en Galicia.

3

Nun outono con menos froita, celebramos a iniciativa innovadora da empresa COGOMELO VERDE, de Ignacio Mielgo, que está a recoller os pousos de café de Vigo, para aplicalos á produción de cogomelos, evitando así a contaminación do chan coa toxicidade da cafeina, e creando un compost propicio.


4

No Marco de Vigo a arte visualiza o estigma da SIDA, ata o 23 de xaneiro, coma fai Wamala Dennis da ONG "Rompexeos". Traballan pola dignidade e saúde dos gais en Uganda (o 10% con VIH, que non tratan por medo), un dos 76 países nos que son castigados (7 coa morte), a pesar de que a ONU condena este maltrato.

5



7



6



8



Alfonso Blanco Torrado

5

Algunhas das cepas máis antigas do Castañal, no ROSAL, cuns 300 anos, volveron abrollar nunha das colleitas mellores. Hai adegas desta comarca que están a exportar a máis de 50 países e abríndose a outros produtos autóctonos coma o grelo, na que foi a primeira conserveira vexetal, A Rosaleira. Unha das eivas é o relevo xeracional na viticultura.

6

Despois de milleiros de MAGOSTOS arredor do San Martiño, o 5 é a Festa da Pisa en Folgoso do Courel. Alí están a probar unhas redes para a recolleita da castaña (10-11 toneladas por ano en Galicia), nunhas pendentes tan duras e cunha poboación maior, o que fai heroico este labor e obriga a xornais que encarecen o produto .

7

Iberdrola atenta contra o SIL coa nova central Santa Cristina, na Ribeira Sacra, unha paisaxe monumental, que vai ser sangrada con 40 torretas coma esta. Xa sobreexplota este cauce con sete das nove presas máis grandes que secan o río. No Sil e afluentes hai 40 centrais. Ninguén corta a desfeita nin obriga a respectar o cauce ecolóxico.

8

Xermolos arrequece o Río Madalena en Vilalba, recreando o Paseo dos Soños, un convite ás viaxes reais e imaxinarias, marcandoo con hectómetros literarios, dedicados a autores/as da Terra Chá: Paco Martín, Manuel María, Fernández Paz, Xabier P. Docampo, Darío X. Cabana e, o día 26, a Xosé Manuel CARBALLO

27891 CERVO (Lugo)
Teléf.: 982 - 55 78 41 - Fax 982 - 55 78 04
e-mail: sargadelos@sargadelos.com

O CASTRO DE SAMOEDO
15168 Sada (A Coruña)
Teléf.: 981 - 62 09 37/62 02 00
Fax: 981 - 62 38 04
e-mail: ocastro@sargadelos.com

Rúa Nova, 16
15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléf.: 981 - 58 19 05 - Fax 981 - 58 58 88
e-mail: galeriasantiago@sargadelos.com

Real,56
15003 A CORUÑA
Teléf.: 981 - 22 26 04 - Fax 981 - 22 26 04
e-mail: galeriacoruna@sargadelos.com

Provença, 274 - 276
08008 BARCELONA
Teléf.: 93 - 215 03 68 - Fax 93 - 215 01 79
e-mail: galeriabarcelona@sargadelos.com

Zurbano, 46
28010 MADRID
Teléf.: 91 - 310 48 30 - Fax 91 - 310 48 30
e-mail: galeriamadrid@sargadelos.com

GALERIAS SARGADELOS

Habana, 12
32003 OURENSE
Teléf.: 988 - 37 09 26 - Fax 988 - 37 09 28

Rubalcava, 30 - 32
15402 FERROL
Teléf.: 981 - 35 37 14 - Fax 981 - 35 37 16
e-mail: ferrol@sargadelos.com

Pza. Sto. Domingo
27001 LUGO
Teléf.: 982 - 22 78 04 - Fax 982 - 24 49 13
e-mail: sargadeloslugo@terra.es

Urzáiz, 17
36201 VIGO
Teléf.: 986 - 22 00 50 - Fax 986 - 22 04 74
e-mail: info@galeriasargadelos.com

Oliva, 24
36001 PONTEVEDRA
Teléf.: 986 - 85 25 84 - Fax 986 - 85 79 18

Pza. de España, 2
27400 MONFORTE DE LEMOS
Teléf.: 982 - 40 26 57 - Fax 982 - 41 60 33
curgal@curgal.com

Conde de Fenosa, 38
32300 O BARCO DE VALDEORRAS
Teléf.: 988 - 32 05 86

Rúa Castelao, 52
36980 O GROVE
Teléf.: 986 - 73 09 68 - Fax 986 - 73 23 34
espiroide@yahoo.com

Calvo Sotelo, 8
36680 A ESTRADA
Teléf.: 986 - 57 52 46 - Fax 986 - 57 02 94
sargadelos@aestrada.com

Editorial

Ven da páxina 3

Hai algunha lección que aprender do 20N?



Galicia e o BNG seguirá tendo dous dos congresistas máis traballadores en Madrid: Jorquera e Olaia. O BNG di que tivo un magnífico resultado (de novo). Menos de 200.000 votos. A que aspira o nacionalismo neste país? Acaso hai que aplaudir cada vez que se perden votos porque se pensa que, ante a vaga imparable da dereita, a cousa podería ser peor? É o nacionalismo de esquerda incapaz de xerar ilusión e esperanza nos galegos? A reflexión é inaprazable. O BNG desencanta igual que o PSOE. Os seus votantes simplemente fican na casa; á espera de que?

Non se recorda un Congreso tan plural, malia a maioría absoluta do PP. Trece forzas políticas que trasladan ás cortes a variedade de opinións que ten a sociedade española. Centralistas, periféricos, comunistas, socialistas, liberais e conservadores, algún(ha) neo-fascista?

Será este PP quen de gobernar este Estado composto e plural en sensibilidades, identidades e linguas?

Xestionar a diversidade. Gobernar para todos os "pobos de España" -e non só para "tódolos españoles": estará un PP medrado e nutrido de pensamento FAES en condicións de gobernar este Estado Composto, diverso e plural en sensibilidades, identidades e linguas? A celebración dos incondicionais do PP deixounos un sabor de inquietante ardor pola "gran nación española", á costa, obviamente, das identidades nacionais periféricas. Un desacougante, "agora tócanos a nós", xustamente no congreso dos deputados máis plural e cun fráxil proceso de pacificación en Euskadi en marcha. Foi unha explosión de neo-nacionalismo español, algo que, en formas e maneiras, lembraba irremediablemente aos entusiastas neocatecumenais na "jolgoriosa" JMJ, aos trunfos -escasos- do Real Madrid, ou á instrumentalización política das vitorias da selección española (imposible non recordar aquel: "Arriba España!").

Tanta énfase na unidade e na españolidade única asustan. Asustan tanto como a omisión absoluta de calquera referencia á diversidade dos pobos de España. Non deberían esquecer os trunfadores que o que máis une é o respecto e o gozo da diferenza, que a uniformidade imposta trae rancor, e o rancor case sempre acaba en divorcio. E que, precisamente, unha das ideas máis atractivas de España é tanta variedade nun territorio tan pequeno. Que non a afoguen logo os papistas, nin os aguirristas, nin os madridistas, marcándolle o rumbo a un Rajoy dubidoso, sentado baixo a sombra dunha soberbia, descomunal gaivota popular.

Manifesto de apoio.

Ven da páxina 2

A Xunta de Galicia fixo públicos os recortes que afectan a "Preescolar na Casa". Presentamos o manifesto de apoio para solicitar a continuidade desta fundamental acción educativa. As adhesións poden cubrirse en internet, no seguinte enderezo: http://www.peticionpublica.es/PeticaoVer.aspx?pi=PnC2011

Preescolar na Casa comeza no ano 1977 o seu traballo a prol da infancia, da familia e da sociedade galega, a partir da idea inicial de Antonio Gandoy. Despois de 35 anos acompañando educativamente ás familias de Galicia, despois de ter contribuído a configurar a historia recente deste país en materia de educación a través dun modelo de intervención pioneiro, orixinal, preventivo, vertebrador do territorio e, referente en canto á implicación das familias na educación dos seus fillos e fillas, Preescolar na Casa está a piques de desaparecer debido aos drásticos recortes nas achegas económicas da Xunta de Galicia.

Cómpre apoiar a continuidade deste modelo educativo que se caracteriza:

- Pola defensa e promoción dos dereitos dos nenos, da igualdade e do respecto entre as persoas, da comunicación e a non violencia como medio de resolución dos conflitos.
- Pola Innovación, dinamismo e anticipación:

• Comezou a traballar no ciclo 0-3, cando aínda a lexislación educativa non o tiña recoñecido.
• Anticipouse a Recomendación Rec (2006) 19 do Comité de Ministros aos Estados Membros sobre políticas de apoio á parentalidade positiva, ofrecendo servizos de apoio ás familias.
• Introduce novas dinámicas e actividades (traballo en maternidades, centros educativos), para dar resposta ás necesidades sociais e familiares que van xurdindo.

- Pola intervención de proximidade, solidaria e integradora, achegándose directamente aos lugares onde habitan nenos e familias, dando prioridade aos sectores da poboación menos favorecidos, e integrando a poboación de niveis culturais e económicos diferentes.
- Polo fomento da lingua e a cultura galega desde os inicios e ata a actualidade como forma de dar valor e prestixiar o propio.
- Polo carácter comunitario e expansivo: todas as actividades teñen como obxectivo influír na comunidade, partir da súa realidade e avanzar no seu desenvolvemento, resaltando o valor do colectivo fronte ao individualismo.
- Polo traballo en rede interna e externa: co obxecto de aproveitar e facer rendibles os recursos da comunidade.
- Pola preocupación por ofrecer servizos de calidade que aporten valor á sociedade.
- Polo respaldo da Administración: desde as súas orixes ata a actualidade o desenvolvemento do programa foi posible grazas o apoio continuado da Administración pública. Este apoio tivo o respaldo, en varias ocasións, do Parlamento de Galicia.

A carencia deste respaldo fai perigar a continuidade de PREESCOLAR NA CASA un proxecto 100% galego que está a ser referente fóra de Galicia.

Coa adhesión a este manifesto quérese manifestar que cada euro investido nos Espazos Educativos de Preescolar na Casa constrúe un futuro mellor para as familias, para os nenos e as nenas, para a nosa lingua, para GALICIA e, por isto, SOLICITO Á XUNTA DE GALICIA QUE GARANTA A CONTINUIDADE DE PREESCOLAR NA CASA.

O CARRABOUXO por Xosé Lois





Actualidade Vixencia E Actualidade Do Profetismo (II)

Tareixa Ledo Regal



Goldman Sachs impón as políticas. Ou como os gobernos se alían con ladróns

2ª Luzada

Os profetas irromperon na marcha da historia actuando con sinxela conciencia de "pequeno resto" implicado nunha tarefa xigante. Nin *shows* multitudinarios nin afastamento á soidade. Tiñan moi clara a motivación proactiva: "O Deus Santo patentízase coma tal pola xustiza" (Is 5,16). Os termos cos que a expresaban en realidade eran a parella dereito/xustiza (*mishpat*: o recto aos ollos dos seres humanos nun momento concreto; *dsedaqáh*: o recto respecto a principios éticos universais). En definitiva, remitía á maneira xusta de se comportar cos demais, entendida como criterio revelador do propio comportamento para con Deus. Todo iso envolto no *hesed* (misericordia) e o *emet* (veracidade, lealdade), é dicir, "ao estilo de Deus".

Esa luciña ardente levábana en lámpadas de barro, por entre unha sociedade á que, por exemplo, o profeta Amós cualificaba coma mergullada nos *mehumot rabbot*: un estado de grandes confusións e balbordos, o roncar dun mar maior, un grande berro semellante ao do comezo dunha guerra a ecoar por entre os fragmentos dun pobo dividido entre dous grandes grupos antagónicos: o dos espoliados e desprezados e o dos que atesouraban riquezas sen límite (Am 3,9-10), para os que a incapacidade de obrar rectamente era xa algo constitutivo do seu modo de ser, algo "sistémico"-como se adoita dicir-, ou se ben se quere "a lei do mercado".

os profetas transmiten seguridade e encargan un labor preciso: a loita pola xustiza

A mensaxe para levar a ese mundo era en grande medida antisistémica. Se entrevistarmos a Isaías, Miqueas ou Xeremías habíannos dicir: o de Xerusalén xa non ten nome; nela rexe a total inversión de valores (de "Vilafiel", trocou o nome en "Prostituta"). Todo nela está deturpado, desde a aliaxe da moeda ("a túa prata é escoura") até a bebida xenerosa ("a túa cervexa está augada"). Os xefes "son bandidos, socios de ladróns", "amigos de subornos", "á caza de regalos". Lendo o capítulo 5 de Isaías atoparemos a especulación construtora (vv. 8-10), a borracheira consumista (vv. 11-13.17), o sarcasmo contra o Santo (vv. 18-19), a manipulación da ética (v.20), o ensoberbiar ideolóxico (v. 21), a corrupción xurídica (vv. 23-24). Non queriades falar de actualidade? Os pobres, os marxinais, sen recursos, non teñen quen os defenda. Os ricos poden roubar e as autoridades permíteno; sábeno ben, mais traizoan a súa profesión, traizoan o pobre, traizoan o Santo de Israel (pura teoloxía política, non si?).

E, onde vai o resto, o pequeno rabaño? Desmoralízase? -De ningún modo. Foille comunicada a seguranza: "non temas!" e está encargado dun labor preciso: loitar pola xustiza. Ténselle encomendado a eles, catro

monos, un proxecto de reinado novo. A súa ética social non se lle impón como contraposta a outras provenientes da razón ou do consenso, pero séntese ademais "urxido polo lóxica da sobreabundancia" en formulación de Paul Ricoeur (e xa antes por Mateo 5,20): a ética do "máis", a "saudade dunha xustiza maior" (economía do don por riba da economía da equivalencia). Cando pregunte xunto cos seus contemporáneos polo que "é bo", el vai sempre engadir para si outra pregunta máis radical: *ti eti hysteró*;= que máis me falta? – A corrente profética apunta sempre máis aló do horizonte.

Cal é polo tanto o seu estatuto na sociedade? Para responder vénme á mente un documento paleocristián revelador. No remate do século II da nosa era, na "Carta a Diogneto", un texto apoloxético dirixido probablemente ao emperador Hadrián, reflectía profeticamente o estatuto de dobre nacionalidade do resto: "Os cristiáns non se distinguen dos demais homes nin pola súa terra, nin pola súa fala nin polos seus costumes... Toda terra estraña é para eles patria e toda patria terra estraña ... Casan coma todos: coma todos xeran fillos, mais non expoñen aos que nacen. Poñen mesa común pero non leito... Obedecen as leis establecidas mais coa súa vida sobrepasan as leis. A todos aman e por todos son perseguidos. Descoñécenos mais son condenados. Mátanos e con iso dan a vida. Son pobres mais enriquecen a moitos..." Velaí unha vez máis o cepo talado dos profetas a xermolar! Temos boa xinea, bos antepasados, abofé!

As palabras de Isaías no capítulo 5 conservan unha extraordinaria actualidade. O profeta é quen de observar os signos do seu tempo e, en consecuencia, denunciar as inxustizas

Ai dos que xuntades unha casa e outra casa!
Ai dos que achegades un campo e outro campo de punta a punta,
para vivirdes vós sós no medio do país!
Nos meus oídos resoa o xuramento do Señor dos Exércitos:
As moitas casas volveranse unha ruína,
as grandes e boas quedarán sen dono que as habite!
Ai dos madrugadores que xa de mañanciña andan á procura de licor,
e dos atrasados até alta noite, quentes polo viño!
A lira, a harpa, o pandeiro e maila gaita
acompañan o viño das súas bebedeiras,
mais nas obras do Señor non se fixan,
non ollan para o que fan as mans do Señor (...)
Ai dos que chaman ao mal ben; e ao ben, mal;
dos que consideran as tebras luz; e a luz, tebra;
dos que consideran o amargo doce; e o doce, amargo!
Ai dos que aos seus ollos son sabios;
e desde o seu punto de vista, intelixentes!
Ai dos valentes para beber viño,
e dos resistentes en mesturar licores,
dos que declaran ao inocente culpable por un regalo
e apartan do inocente a sentenza favorable!
Como as linguas de lume devoran o restrollo
e a chama destrúe a pallugada,
así a súa raíz volverase podre,
e os seus gromos voarán coma o coaño,
pois rexeitaron a instrución do Señor dos Exércitos
e desprezaron a palabra do Santo de Israel.
Por iso arde a ira do Señor contra o seu pobo
e estende a súa man para bater nel

Xapón despois de Fukushima (III)

Iago Brenlla[1]

Traballemos

O silencio rompérase e a sociedade puido enxergar, así, polo miúdo, que errara. A xente decatouse da perigosidade da enerxia nuclear e, sobre todo, dos efectos de non poder gozar do benestar que tiveran hai escasos dous meses. A xente preocupouse, case máis pola falta de enerxía que polo risco de contaminación.



O invisíbel

O medo ao invisíbel non é tan terríbel como o medo que temos ás cousas que se ven e se senten aquí e agora, quizais sexa isto o peor da enerxía nuclear, que non nos alarma xa que non a sentimos como unha ameaza. O verdadeiro pánico nesta sociedade era a falta de enerxía, era a posibilidade de perder o noso estatus de benestar.

A clase política pediu un novo esforzo e a sociedade respostou coa forza da xente, como se podería esperar da sociedade máis educada e preparada do mundo. Compañías privadas e públicas deseñaron plans de aforro que en menos dun mes deron como resultado unha baixada de consumo de enerxía dun 17% na área de Toquio. A sociedade xaponesa cambiou na medida en que as persoas, unha por unha, decidiron cambiar coa sinxeleza máis efectiva; quitar a garabata, usar as escaleiras en lugar do ascensor, apagar as escaleiras mecánicas dos grandes almacéns, baixar a temperatura do ar acondicionado en todos os edificios, provocar apagóns controlados a determinadas horas e en barrios diferentes, promover aínda máis o uso da bicicleta, facer que as fábricas de automoción, as máis importantes, cambiaran os horarios laborais pedindo a todos os seus empregados que traballasen sábados e domingos e instándolles a descansar noutros días aleatorios, etc. Todos estes esforzos individuais crean o benestar do colectivo e fan que as mudanzas nos fagan sentir como se, en realidade, nada cambiara. E iso é o que se sinte, houbo cambios, mais o sistema e o consumo non caeron, permitíndolle á sociedade vivir nese estado de benestar do que ninguén se quere baixar.

A saúde da sociedade está en que alguén limpe diante da súa casa, sen esperar a que veña un empregado

Todos somos un

E velaquí entra a positividade, o pragmatismo e o civismo da sociedade xaponesa, algo que por suposto xa había antes da traxedia mais que se callar acrecentouse coa emoción das imaxes do tsunami e coas mensaxes epatadoras lanzadas polos medios de comunicación para que o sistema non se derrubara e fora o sector privado o que cargara co maior peso da recuperación sentimental e tamén económica. Resulta curioso ollar como no pais máis consumista do mundo e con todos os servizos privatizados, o cooperativismo e a humanidade son actividades do día a día que levantarán o país de novo e permitirán a súa reconstrución total. A saúde da sociedade obsérvase cando alguén limpa o lixo que hai diante da súa casa sen esperar a que veña un empregado a que o faga, …a rúa é tamén a miña casa, eu vivo alí, teño que respectala. Síntese o traballo ben feito cando a xente espera con paciencia para recibir unha botella de auga sen protestar, pois os que están ao meu carón son iguais ca min (todos somos un).

Son estes detalles, agora moito máis frecuentes e moito máis importantes, os que crearon e crearán o cambio. O humanismo das persoas contra a deshumanización do sistema e, nesa loita, no noso reducido microcosmos, no noso traballo, na nosa casa, na rúa, é esa actitude -e non tanto a política-, o que transcende. As experiencias humanas transfórmanse nas expresións humanas, persoais e culturais, nunha obra de arte transcendental, nunha forma estática que expresa o transcendente, nunha hierofanía.

Aquelas ondas levaron consigo moitas vidas e soños mais trouxeron tamén novas ideas e ensinanzas e confirmaron que todo, todo!, se amaña co noso traballo e a nosa forza. Todo acaba como empeza.

(1) Iago Rodríguez Brenlla, coruñés, leva preto de dez anos vivindo no Xapón. Durante 2006 e 2007 mantivo o blog "un galego no sol nacente" (http://galegonosolnaciente.blogspot.com/).

Cousas de aquí e de acolá

Clodio González Pérez

OS EXVOTOS DE CERA

A finais de agosto pasei por diante da capela de San Roque de Ponteareas e chamoume a atención os exvotos de cera que ateigan o altar. Trátase dunha construción situada nun lugar de moito tránsito antano, cando esta ponte era o único paso que había sobre o río Tea, só protexida por unha reixa, para que os devotos vexan o santo e boten unhas moedas.

O mesmo se pode ver en calquera das moitas ermidas dedicadas, principalmente, a San Bieito, San Amaro e Santa Lucía, pois, malia que algúns párrocos aconsellen que en vez da cera se deixe o valor en esmola, as persoas maiores resístense a trocar o exvoto polos cartos. Non por custaren menos, senón polo valor simbólico e tanxible que posúen as figuras daquelas partes do corpo danadas que se implora a súa curación.

Os exipcios, os mesopotámicos ou os iberos, entre outros, ofrecían exvotos ás súas deidades, pero, sen dúbida, os máis abundantes deben ser os de terracota do santuario etrusco de Calvi (Córcega), agora esparexidos por medio mundo, pois ata hai algúns no Museo de Pontevedra: corpos, cabezas, brazos, pernas, animais…



Gravado antigo de Santo Antón abade, con exvotos pendurados do teito.

O cristianismo non rexeitou esta tradición, e xa no século VI Gregorio de Tours fala dos exvotos de madeira. Pódense entregar antes da curación ou despois como agradecemento. Tampouco faltan os desconfiados, coma o infante Don Manuel, irmán de Afonso X o Sabio, moi afeccionado á cetrería, que un día, segundo a cantiga de Santa María número 366, perdeu un falcón e prometeulle levar unha figura de cera á Virxe do Porto de Sevilla, se aparecía.

Os únicos antigos que se conservan son os de barro e metais, pero antes tamén os había de madeira, aínda que en Galicia os máis abundantes sempre deberon ser os de cera, moi valorada dende a antigüidade por ser case o único produto para alumar. O mesmo que agora, antes tampouco faltaban os de metais preciosos, prata e ouro, como se poden ver nalgúns santuarios, semellante a medallas.

A forma depende das circunstancias da época e das doenzas máis comúns. Antes predominaban os corpos enteiros, pernas, brazos e cabezas, pola contra, nos últimos anos vense moitos peitos de muller, que as devotas ofrecen á santa ou ao santo para acadar a cura do cancro que lle roe as entrañas ou as libre de tan terrible mal.

Estes exvotos son baratos, pero non así cando son moi grandes, ata do tamaño da persoa ofrecida, como se pode ver algún no santuario do Corpiño. Máis custosos eran os cadros, as *tabulae votivae* dos romanos, que se conservan interesantes exemplares na Escravitude, A Pastoriza, Vilaselán, Os Milagres…). Logo están as maquetas de embarcacións que prometen os mariñeiros nos intres de perigo (Vilaselán, Teixido, Muxía, Tui…) e, por último, as fotografías.



Exvotos de cera (San Roque de Ponteareas) (2011).

Tendo en conta o ritmo vertixinoso con que se desenvolve agora a vida, os exvotos non han de tardar moito tempo en desaparecer. A partir do intre en que os artesáns cereiros deixen de fundir estas sinxelas e fráxiles figuras, aos poucos anos só quedará delas a lembranza de que existiron antano e as que se atopen recollidas en museos.

Internacional GUATEMALA: país de contrastes

Moisés Lozano



Recentemente puiden viaxar por Guatemala e coñecer a súa gran variedade étnica, lingüística, cultural e xeográfica. Tiven a fortuna de poder falar longamente con mozos estudados e compoñentes dalgunhas das 23 etnias maias. Cada unha delas ten un idioma diferente, excepto tres delas que teñen un idioma bastante similar. O castelán convive cos distintos idiomas maias. Tamén puiden comprobar unha certa desafección pola política e os seus representantes, aínda que recentemente participaron un 60% no proceso electoral centrado na Presidencia do país e outros cargos de política local

Actualmente Guatemala é coñecida como o corazón do mundo maia, onde máis de catro millóns de descendentes maias continúan a falar idiomas que descenden do tronco maia, mantendo os seus costumes nas súas terras orixinarias (agás os que lles roubaron as súas terras durante o conflito armado), viven libremente (aínda que os seus idiomas seguen sendo minorizados polo castelán), practicando a agricultura, a gandaría e a pesca; deles aproximadamente dous millóns viven en Guatemala capital

En 2003 promulgouse a "Lei de Idiomas Nacionais", en concordancia co artigo 143 da Constitución política da República, que recoñece os vinte e tres idiomas vernáculos guatemaltecos como "idiomas nacionais". Deste xeito autorizouse a súa utilización nas actividades públicas e na prestación de servizos de educación, saúde e de natureza xurídica, entre outros, para o conxunto dos 24 idiomas que se falan no país (incluíndo o castelán). Con todo os maias quéixanse de que os seus dereitos son perseguidos e que existe un único código de xustiza, que eles cualifican de occidental ou colonial, denunciando a inexistencia de libros de texto nas linguas autóctonas.

máis de catro millóns de guatemaltecos falan linguas autóctonas

Unha gran riqueza de etnias

Tiven a ocasión de visitar Tikal, a maior cidade da antiga cultura maia, que conta con máis de 4.000 edificios e que representa a icona do período clásico maia. Na actualidade, esta poboación indíxena compón un 51% da poboación total do país no que habitan 13.824.463 cidadáns. O idioma oficial é o castelán, así mesmo conta con 23 idiomas maias, os idiomas xinca e garífuna, este último falado pola poboación afrodescendente. A cultura maia sobresaiu en varias disciplinas científicas tales como a arquitectura, a escritura, un avanzado cálculo do tempo por medio das matemáticas e a astronomía.

A colonización española

En 1523 os conquistadores españois chegaron polo oeste, provenientes de México, coa intención de explorar e colonizar os territorios da actual Guatemala. Enfrontáronse primeiro cos *k'iches*. Tras aliárense brevemente cos indios *kaqchikeles*, momento no que fundaron o seu primeiro asentamento nas proximidades de Iximché, capital dos kaqchikeles, vila que recibiu por nome Santiago dos Cabaleiros de Guatemala en honra ao

apóstolo maior (25 de xullo de 1524). Actualmente chámaselle a Antiga e consérvanse moi ben os orixinarios edificios coloniais. O traslado debeuse fundamentalmente á súa vulnerabilidade ás erupcións volcánicas, inundacións, e terremotos, concretándose tras ser destruída por dous terremotos. Así en 1775 trasladouse a capital ao Val da Ermida, a actual localización.

Durante a dominación española, que durou case 300 anos, Guatemala foi unha rexión de carácter estratéxico. En 1821, aproveitando o caos político que se vivía en España, conseguiron a independencia, proclamada en 1822.

mesma, de gobernos conservadores e liberais, capitalistas e socialistas, de revolucións, de guerra interna, de xenocidio, de golpes de estado, de intervención estranxeira, de democracia, de paz, de esplendor científico e literario, pero que a pesar das dificultades, segue o seu camiño da historia.

Desde 1994 Guatemala ten un sistema de goberno republicano, democrático e representativo. Será, a partir de 2004 cando os guatemaltecos teñan gobernos democráticos. Recentemente acaban de elixir un militar, un xeneral retirado como presidente. Guatemala é un dos tres países de Latinoamérica no que o presidente non pode ser reelixido. O seu mandato dura exclusivamente catro anos. Este ostenta o poder executivo, xunto ao Vicepresidente da República de Guatemala, o Consello de Ministros e pola demais entidades públicas correspondentes a este organismo. Chamoume a atención o protexida que ten que estar algunha valente fiscal e o presidente da comisión internacional contra a impunidade. Segue existindo moita violencia neste país, unido á pobreza e aos estragos que están facendo a droga e os narcos. O 74% da poboación indíxena vive na pobreza e o 40% na extrema pobreza, o cal afecta en maior medida ás mulleres. O pobo pide aos seus políticos que neutralicen o crime organizado, as cuadrillas xuvenís (maras) e a delincuencia común. Nace unha tímida esperanza con Oto Pérez Molina, o novo presidente.

é un dos tres países latinoamericanos onde o presidente non pode ser reelixido

A guerra interna

Desde a chamada Revolución de 1944, de carácter socialista, e coa posterior contrarrevolución de 1954, capitalista, entraría o país nun período de inestabilidade política, con golpes de estado e eleccións fraudulentas entre os mesmos, paralelo ao movemento guerrilleiro e á loita armada interna. Tras a transición á democracia, lógrase asinar os Acordos de Paz, e empeza unha nova época caracterizada pola visión dunha mellor Guatemala, pero frustrada, en parte, polo crecemento da delincuencia interna e a crise económica mundial. Esta é a historia dun país que pasou por unha gran experiencia, de esplendor precolombino, de invasión española, de colonia, de independencia, de unión centroamericana e secesión da



As últimas eleccións discorreron cunha alta participación

O noso taboleiro



ESPAZO DE TEOLOXÍA FEMINISTA
Para aprender e coñecer teoloxía feminista
Para construír colectivamente pensamento teolóxico feminista
Espazo aberto a todas as mulleres interesadas.
Xuntarémonos os venres 2 de decembro, 13 de xaneiro, 3 de febreiro,
2 de marzo, 13 de abril e 4 de maio
en Santiago de Compostela, de 18:30 a 21:00 h.
Matrícula: Socias 10€, Non socias 20€, Solidaria, 30€. Hai posibilidade de beca.
Ingresos na conta nº 2091-0500-11-3040045071. Cómpre anotarse antes do
15 de novembro en: marisavidal@edu.xunta.es ou no tfno 986 670040 (Maite)
Organiza Asociación Mulleres Cristiás Galegas-Exeria



DEPUTACION DA CORUÑA
www.dicoruna.es

EDITA: Asociación A. IRIMIA **FEITO EN PAPEL RECICLADO**

MESA DE REDACCIÓN: Daniel López Munoz, Luís Gómez Aldegunde, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lidia Campos Chan, Manolo G. Turnes, Lines Salgado Iglesias, José Antonio Martínez. Tlf. 986 10 49 45.

COLABORADORES: Xosé Chao Rego, Victorino Pérez Prieto, Xosé Antón Miguélez, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilar, Marta Sopeña, Gumersindo Campaña, Tareixa Ledo, Moisés Lozano, Clodio González Pérez, Antón Martínez Aneiros, Sara Paz Quiñones, Manuel Pérez Blanco, Xabier Blanco, Bernardo García Cendán, Valentina Formoso Gosende, Celia Castro Ojea, Xerardo Castedo Valbuena, Engracia Vidal, Francisco Xabier Martínez Prieto, Fernando Veiga, Antonio Pinto Antón, Bea Cedrón Vilar, Mariano Guizán Sánchez, Carmen Soto, Rubén Aramburu, Carme Soto, Marisa Vidal e Xan Guillén, Christina Moreira.

CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA: Lidia Campos Chan, Luís Aldegunde.

RECEPCIÓN DE ARTIGOS E COLABORACIÓNS EN: revistairimia@asociacion-irimia.org

SUBSCRICIÓNS: Apdo. 296 - 15705 Santiago de Compostela. Telf.: 655 028 253 / subscricions@asociacion-irimia.org
Ordinaria: 24 Euros. de Apoio: 36 Euros.

PARA ASUNTOS DA ASOCIACIÓN NON RELACIONADOS COA REVISTA: asociacion-irimia@asociacion-irimia .org

CONTA: NOVACAIXAGALICIA, CC/2080-0349-85-3040005822- Urbana, nº 8 - Santiago

DEPÓSITO LEGAL: C-1417-81 **TIRADA:** 1.000 exemplares **DESEÑO E MAQUETACIÓN:** Ninfa, Riveiro, Martínez

ISSN: 2172-9182 **IMPRIME:** Artes Gráficas LITONOR S.A.L. **DISTRIBÚE:** IMPACTA

EDICIÓN ELECTRÓNICA: http://asociacion-irimia .org/revista.xhtml

Boa Nova



A PALABRA

DOMINGO 4 DE DECEMBRO. 2º DE ADVENTO

Mt 25, 31-46

Comezo do Evanxeo de Xesús Cristo, Fillo de Deus. Como está escrito no profeta Isaías: "Mira: mándoche por diante un mensaxeiro para que prepare o teu camiño. Unha voz clama no deserto: preparade o camiño do Señor, endereitade os seus vieiros". Presentouse Xoán no deserto bautizando: pregoando un bautismo de conversión, para lograr o perdón dos pecados. E ía onda el xente de toda a provincia de Xudea e de Xerusalén; confesaban os seus pecados e el bautizábaos no río Xordán. Xoán ía vestido con pelos de camelo e cun cinguidor de coiro arredor do van, e mantíñase de saltóns e mel bravo. E proclamaba: "Detrás miña está a chegar o que é máis forte ca min, ante quen non son digno de postrarme para lle desatar os mallós do seu calzado. Eu bautizo con auga, mais el havos bautizar con Espírito Santo".

A CLAVE

Cando nos anos 70 da nosa era Marcos redacta o seu evanxeo, as comunidades cristiás atopábanse nunha situación complicada: perseguidas no Imperio Romano, as súas esperanzas comezaban a esmorecer, a incerteza estendíase e a culminación do Reino de Deus xa tardaba de máis. Non será Xesús o Mesías esperado? Será un profeta máis coma outros que apareceron ao longo da historia de Israel? Marcos non quere deixar lugar á dúbida. Comeza o seu relato no inicio da "vida pública" de Xesús. Céntrase no fundamental, a proclamación do Reino de Deus por parte de Xesús. O seu evanxeo, etimoloxicamente boa nova (termo que el é o primeiro en utilizar), expón no primeiro versículo a esencia de todo o relato: Xesús, do que falaremos, é o "fillo de Deus".

A figura de Xesús hai que situala na tradición de Israel, mais non se limita a ela. Sitúa os seus lectores no deserto, tan propio dos profetas, tan vinculado á historia da salvación para o pobo hebreo, un lugar de afastamento para a conversión. Presenta a predicación de Xoán o Bautista, que precede e enlaza coa que vai iniciar Xesús, mais coa que, como mostrará no resto do evanxeo, se contrapón netamente. O profeta só prepara o camiño: non será no deserto senón nas vilas e cidades, onde se faga presente o Reino. Non será o arrepentimento, senón a misericordia o que caracterice o Reino de Xesús. Non ficará no deserto na busca de quen vén pedir perdón, senón que sairá ao seu encontro, a compartir a boa nova. Porque en definitiva, Marcos deixa claro que a Boa Nova é Xesús, o Fillo de Deus, de quen versículos despois, no mesmo deserto, o Deus-Trindade proclamará: "ti es o meu fillo benquerido, o meu predilecto".

José A. Martínez

A CLAVE

"Teño dúas noticias: unha boa e unha mala. Por cal prefires que comece?". A quen non se lle presentou algunha vez esta disxuntiva? De seguro que todas e todos preferimos escoitar as boas noticias: pode haber quen as necesite para poder sobreporse ás malas, pode haber que as reserve para quedarse co seu bo recordo o resto do día. Podemos desexar ter boas noticias, mais é algo que non depende de nós. Mais podemos intentar que a nosa simple presenza sexa en si unha boa nova. Non sei como de fácil será isto, mais de seguro que nolo agradecerán.

Falando da lingua BRINCAS?

Lidia e Valentina

Estamos apreciando como día a día, entre os galegofalantes, se perden termos en galego que teñen un sinónimo que é idéntico ao termo que existe en castelán. Pasa isto, por exemplo, con "brincar", algo tan propio dos nenos. Se imos ao dicionario, o significado que aparece é "Dar un ou varios saltos" (a xente usa saltar) ou "Realizar cousas divertidas para entreterse", é dicir, xogar. No noso contorno usábase ese termo na nosa infancia co significado máis amplo de xogar, xogar con calquera cousa que requirise movemento. É dicir, se xogabamos con bonecas, cociñas e mariquitas non brincabamos, máis ben enredabamos, mais se andabamos xogando á corda, á roda, a saltar á goma, ás agachadas, á aña (hoxe dise "pillar")… pois andabamos a brincar. Mais o substantivo "brinco" non aumentara o seu significado e dar un brinco sempre o usamos como "dar un salto". Recordamos que brinco é unha palabra polisémica, polo que ademais do significado de salto, é sinónimo, na nosa zona costeira, do que noutros sitios se chama "amocelo", que vén sendo un anzol pequeno que se agarraba cunha tanza e que se empregaba para pescar.

Mais os pequenos, na actualidade, cada vez ven máis televisión e trebellan nos videoxogos, pero pouco brincan, choutan, pulan, saltan ou rebuldan… Con todo, ao achegarse á época de Nadal énchese todo de publicidade de xoguetes, para que todas e todos cubramos as casas propias e alleas con eles e




que logo ninguén sabe onde meter. Pois ademais da unirnos aquí á protesta contra o consumismo, queremos facer a nosa protesta particular polo tema lingüístico. Cantos cacharros deses que falan, destinados aos nenos, están en galego? Cantas bonecas? Cantos vídeos infantís? Cantos xogos de ordenador? Moi poucos, e os poucos que hai non se coñecen... E aínda por riba, un catálogo boísimo que elaborara o ano pasado a CTNL (Coordinadora de Traballadores/as de Normalización Lingüística) de agasallos en galego, este ano non conseguiu financiamento para editarse! Daquela só nos queda miralo na rede. Buscade "*Agasallo. Propostas de regalos en galego*" e aí podedes ver desde unha boa selección de libros, discos, banda deseñada, filmes, crebacabezas, aparellos de novas tecnoloxías, bandoleiras, camisolas… e mesmo patucos de bebé e perfumes con nome galego que evocan fragancias da terra. Seguro que atopades un galano, un agasallo, un regalo… para este Nadal!

O Fachineiro da confianza

Debedocracia

Métese o fachineiro ao mar sen traxe de augas a falar das cousas da "eco- nomía", literalmente, o goberno da casa, esa palabra inventada polos gregos. E agora que, por fin, xa nadamos nun mar de confianza e contemplamos o sol saír de tan longa eclipse, quizais conveña moderar a euforia e vermos o que se lles ocorre pensar, máis ao leste, a unha parella de xornalistas dun dos pecadores países alcumados PIIGS (Portugal, Irlanda, Italia, Grecia e España), xogo de palabras con pigs (porcos) que tan ben lles presta aos calvinistas septentrionais. Pode ser que un país sexa tomado como escravo doutros a través da súa débeda? Pode a xente dese país poñer o seu futuro, e o



dos seus fillos e netas, nas mans dos que erguen un dedo segundo aparecen datos nunha pantalla? Que parte de responsabilidade desta situación temos uns e outras? A estas e outras preguntas dá resposta o documental do que ningún medio tradicional fala -eses que son cadea de transmisión dos que fan as noticias- pero que xa ten millóns de visitas na rede. Abonda con buscar en google "debtocracy con subtítulos en español" para ver este xuízo á crise e ficar profundando coma o barbeiro de sábado de Casatelao.

A.Q.